

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 3 de agosto de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día tres de agosto do ano dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria accidental a concelleira Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(955).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

**2(956).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA DO BENESTAR PARA O ANO 2012. EXPTE. 77811/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta emitido con data 1 de agosto de 2012 polo xefe da área de Benestar Social, coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitar a subvención por importe de 45.000€ o abeiro da Resolución do 4 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a

concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo dirixidas a concellos, a mancomunidades de concellos e a consorcios locais, para a realización de proxectos destinados ao asesoramento e á formación da poboación inmigrante extra-comunitaria na Comunidade Autónoma galega, coa seguinte distribución por accións:

- Accións de asesoramento, información e orientación xurídica as persoas inmigrantes extra-comunitarias 35.000 €.
- Accións formativas 10.000 €.

Segundo.- Facultar á Concelleira Delegada de Políticas de Benestar para a sinatura da documentación necesaria no marco desta convocatoria de subvencións.

### **3(957).- AMPLIACIÓN DE 60 PRAZAS PARA O PROGRAMA VIGO EN INGLÉS 2012. EXPTE. 14110/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes emitidos pola Asesoría Xurídica de data 31 de xullo e polo interventor xeral de data 2 de agosto, de acordo co informe-proposta emitido con data 31 de xullo polo xefe do Servizo de Educación coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a ampliación en 60 prazas do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012).

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 02.07.2012 redactado polo Servizo de Educación e o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto con múltiples criterios de data 17.07.2012 redactado polo departamento de contratación, que se inclúe no presente expediente, para a contratación dos servizos para a ampliación en 60 prazas do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012).

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 150.000 euros para a contratación dos servizos para a ampliación en 60 prazas do Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS 2012), con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais" e Bolsa de Vinculación) do vixente orzamento municipal de 2012.

Cuarto.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

**4(958).- CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN AQS DOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXPTE. 12612/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta formulado con data 2 de agosto de 2012 pola secretaria da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento para a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción AQS dos colexios públicos (12612-332) no seguinte orde decrecente:

- 1.- ELECNOR, S.A.
- 2.- INTECH, S.L.
- 3.- ALTAIR, S.A.
- 4.- MONCOBRA, S.A.
- 5.- FERROSER, S.A.
- 6.- ITM, S.A.
- 7.- TERMOCALOR, S.L.
- 8.- ÁNGEL ROADE, S.L.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, ELECNOR, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir á empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 1.328,53 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta Mesa de Contratación na súa sesión de data 27.07.2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**5(959).- AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO MODIFICADO SEN INCREMENTO ECONÓMICO DO DE EXECUCIÓN DE REFORMA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 2333/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta formulada con data 31 de xullo pola xefa do Servizo de Comercio e Turismo coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a redacción dun proxecto modificado sen incremento económico do de execución da reforma do Mercado do Progreso.

**6(960).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA POR IMPORTE DE 13.020 EUROS A FAVOR DE AGRUPCONSA, S.L., CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DE OBRAS DE REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS DEPENDENCIAS DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5373/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta formulada con data 31 de xullo pola xefa do Servizo de Comercio e Turismo coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a devolución do aval bancario constituído para a obra da reforma e acondicionamento das dependencias do Mercado do Progreso por Agrupconsa, S.L. (NIF.- B 32119166) no expediente 1-551, por importe de 13.020,00 €, toda vez que transcorreu o prazo de garantía segundo os informes técnicos que se incorporan ao expediente.

**7(961).- DEVOLUCIÓN DE AVAL POR IMPORTE DE 17.438,02 EUROS RELATIVO Á OBRA DE REFORZO DE 529,20 M2 DE ESTRUCTURA DE FORXADO NA PRAZA DO PROGRESO. EXPTE. 5371/551.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta formulada con data 31 de xullo pola xefa do Servizo de Comercio e Turismo coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a devolución do aval bancario constituído para a obra de Reforzo de 529,02 m2 de estrutura de forxado na praza do Progreso, por ORECO, S.A. (NIF.- A 36614691) no expediente 5249-551 por importe de 17.438,02 €, toda vez que as obras referidas atópanse en perfecto estado e xa foron recibidas polo Concello e que transcorreu o prazo de garantía segundo os informes técnicos que se incorporan ao expediente.

**8(962).- PROXECTO DE REMODELACIÓN DO PARQUE RIVERA ATIENZA. EXPTE. 6592/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta formulada con data 23 de xullo polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

I.- Aprobar o proxecto redactado polo Departamento de Parques e Xardíns do Concello de Vigo para a REMODELACIÓN DE PARQUE RIVERA ATIENZA, cun orzamento base de licitación de OCHENTA E OITO MIL NOVECENTOS DEZASEIS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (88.916,36 €)

**9(963).- PROXECTO DE REMODELACIÓN DA PRAZA DA MIÑOCA. EXPTE. 6591/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta formulada con data 23 de xullo polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

I.- Aprobar o proxecto redactado polo Departamento de Parques e Xardíns do Concello de Vigo para a REMODELACIÓN DA PRAZA DA MIÑOCA, cun orzamento base de licitación de OCHENTA E NOVE MIL OITOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (89.986,39 €)

**10(964).- CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO COA "ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS VIGO VELLO" E COA "SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO", PARA UN PROGRAMA DE COMERCIO Á RÚA. EXPTE. 6738/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo coa proposta formulada con data 20 de xullo pola xefa de Patrimonio Histórico, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe xurídico emitido con data 30 de xullo pola xefa da Área de Patrimonio Histórico e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo coa Asociación de Comerciantes e Hostaleiros VIGOVELLO, e coa Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio, para un programa de COMERCIO Á RÚA, co seguinte texto:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS VIGOVELLO E A SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO, PARA UN PROGRAMA DE COMERCIO Á RÚA**

"En Vigo a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

**R E U N I D O S**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.*

*Doutra dona Milagros Domínguez Fernández, en calidade de Presidenta da Asociación de Comerciantes e Hostaleiros de Vigovello.*

*Doutra dona Ana Isabel Castro Davila, en calidade de Presidenta da Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio.*

*Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio,*

#### **EXPOÑEN**

*Primeiro.- Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de todos os servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias –nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de patrimonio histórico artístico e mercados (Arts. 25.2 apdos. e) e g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2 apdos. e) e g) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).*

*Segundo.- Que a Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigovello está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que exerzan a actividade de comercio en todo o Casco Vello de Vigo, e entre os seus fins atópanse “patrocinar e realizar publicidade xenérica sobre o comercio” e “en xeral, todas as actuacións que sexan precisas para o fomento e defensa dos intereses xerais ou individuais dos seus asociados”.*

*Terceiro.- Que a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio recolle, entre os seus fins principais, “a difusión e conservación do patrimonio galego”, “a creación e mantemento de vías de conexión coas administracións públicas e outras institucións sociais”, e “o establecemento de mecanismos de difusión que contribuirán á información, formación, participación e sensibilización cara ó patrimonio”.*

*Cuarto.- Á vista dos fins e competencias das tres institucións, resulta de interese común contribuír á rehabilitación económica, cultural e comercial do Centro Histórico de Vigo.*

*Unha das formas de acadar este obxectivo é a aprobación dun programa de comercio á rúa encamiñado a recuperar a vella tradición dos mercados no Casco Vello de Vigo e con ela traballar na dinamización do barrio.*

#### **ESTIPULACIÓNS**

*Primeira.- OBXECTO.*

*O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o Concello de Vigo, a Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigovello e a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio, para a posta en marcha dun programa de comercio á rúa, que consistirá na celebración os sábados dun mercadillo nas rúas do Casco Vello de Vigo.*

*Segunda.- LEXISLACIÓN APLICABLE.*

*A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei*

*de Contratos do Sector Público, segundo o descrito no seu artigo 4.1.c., queda referida aos propios pactos do convenio, así como ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

Terceira. - VIXENCIA.

*A vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura ata o día 30 de setembro de 2012, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.*

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

*O Concello de Vigo autoriza a utilización de 40 postos de madeira á Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigovello, e 8 postos de metacrilato á Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio.*

*O Concello de Vigo autoriza a ocupación da vía pública nas rúas do Casco Vello para a celebración deste mercadiño, coa excepción das prazas da Constitución e Princesa, non entorpecendo a circulación das persoas.*

*O Concello de Vigo comprométese, na medida do posible, á dinamización do mercadiño con actuacións de grupos de música tradicional, segundo programación da Concellería de Cultura, Festas e Política de Benestar.*

Quinta. - OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS VIGOVELLO.

*A Asociación comprométese á devolución dos postos de madeira en perfecto estado e sempre que así sexa requirido polo Concello.*

*A Asociación comprométese a deixar as rúas en perfecto estado de limpeza.*

*Para responder do correcto desenvolvemento da actividade a Asociación de Comerciantes e Hostaleiros Vigovello ten formalizado un seguro de responsabilidade civil.*

Sexta. - OBRIGAS DA SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO.

*A Sociedade comprométese a devolución dos postos de madeira en perfecto estado, e sempre que así sexa requirido polo Concello.*

*A Sociedade comprométese a deixar as rúas en perfecto estado de limpeza.*

*Para responder do correcto desenvolvemento da actividade a Sociedade Galega para a Difusión e Conservación do Patrimonio ten formalizado un seguro de responsabilidade civil.*

Sétima. - PUBLICIDADE.

*A participación das entidades que asinan o presente convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite.*

Oitava. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

*En orde ao seguimento das actuacións do presente convenio créase a Comisión de Seguimento composta por un representante de cada unha das institucións asinantes.*

*Novena.- EXTINCIÓN.*

*O presente convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento do mesmo.*

*Serán causas de resolución:*

- *O transcurso do prazo de duración*
- *O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.*
- *O mutuo acordo das partes.*
- *Calquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordo coa lexislación vixente.*

*E en sinal de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.”*

**11(965).- ADXUDICACIÓN Á EMPRESA INFORPRESS, S.L., DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DA ORGANIZACIÓN DE VIAXES “BLOGGER TRIPS E BREAKFAST 2.0” POR IMPORTE DE 63.349,09 €. EXPTE. 4267/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral de data 31 de xullo, de conformidade coa proposta formulada pola secretaria da Mesa de Contratación na mesma data do 31 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar a INFORPRESS, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de organización de viaxes “Blogger trips e Breakfast 2.0” (expediente 4267-104) por un prezo total de 63.349,09 euros e un prazo de execución de 90 días, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**12(966).- ADXUDICACIÓN A FAVOR DE ESMERARTE SERVICIOS, S.L., DO CONTRATO MAIOR PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DE VIGO EN REDES SOCIAIS E REORIENTACIÓN 2.0 DA WEB [WWW.TURISMODEVIGO.ES](http://WWW.TURISMODEVIGO.ES) POR IMPORTE DE 57.959,60 EUROS. EXPTE. 4271/104**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral de data 2.08.2012, de conformidade coa proposta formulada pola secretaria da Mesa de Contratación na mesma data do 2.08.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Adxudicar a Esmerarte Servicios, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo para a mellora do posicionamento de Vigo en redes sociais e reorientación 2.0. da web [www.turismodevigo.es](http://www.turismodevigo.es) (expediente 4271-104) por un prezo total de 57.959,60 euros e un prazo de execución de 90 días, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.



2º.- Darse por enterada da non admisión da empresa IPCGLOBAL,S.L., no procedemento de referencia por non acreditar a solvencia técnica esixida para a adxudicación deste contrato por non ter presentado certificados de boa execución dos traballos efectuados, tal e como se precisaba na cláusula 10.i. A do Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Darse por enterada da exclusión das empresas IA Soft Aragón, IBC Mass Diseño, Primate, Ute Verticalia & Urbing por non acadar a puntuación mínima (15 puntos) establecida na cláusula 8.B das FEC do PCAP no criterio relativo a "Metodoloxía de traballo e adecuación da oferta as necesidades de actuación previstas no prego de prescricións técnicas".

**13(967).- ADXUDICACIÓN A FAVOR DA UTE SIGNO OBSERVATORIO, DO CONTRATO MAIOR PARA A MELLORA DO DESENVOLVEMENTO DE APLICATIVOS MÓBILES MULTIPLATAFORMA PARA POTENCIAR O GOCE DO DESTINO TURÍSTICO DE VIGO, POR IMPORTE DE 68.999,32 €. EXPTE. 4247/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral de data 2.08.2012, de conformidade coa proposta formulada pola secretaria da Mesa de Contratación na mesma data do 3.08.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

"1º.- Adxudicar á UTE SIGNO SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA E CARTOGRAFÍA DIXITAL, S.L. (50% de participación no capital social)- CENTRO OBSERVACION Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL, S.A. (50% de participación no capital social), o procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de desenvolvemento de aplicativos móbiles multiplataforma para potenciar o disfrute do destino turístico de Vigo (expediente 4247-104) por un prezo total de 68.999, 32 euros e un prazo de execución de 60 días, e coas seguintes melloras:

- Aumento do prazo de garantía de 61 meses sobre o prazo 24 meses previsto no PCAP.
- As funcionalidades adicionais que se citan a continuación:
  1. Desenvolvemento do modo "sen cobertura" nas aplicacións de mobilidade, modo off-line.
  2. Asistencia mediante xestor de incidencias, personalización de Mantis Bugtracker.
  3. Desenvolvemento dun plan de formación sobre o proxecto e as ferramentas.
  4. Mellora no posicionamento web.
  5. Xeración e integración dun módulo de realidade aumentada propio.
  6. Enlace con funcións de teléfono para chamada directa.
  7. Visualización do compás directamente en pantalla.
  8. Xeración dun sistema multicategoría por cada punto de interese.
  9. Implantación de medidas de accesibilidade en lectura.
  10. Enlace con módulos de lectura audioguías automáticas.
  11. Visualización en vista ortofotográfica (satélite).

12. Curso básico de programación en IOS / ANDROID.
13. Visualización de panorámicas 360º a partir de Google Street View.
14. Difusión e enlace con plataforma de realidade aumentada externa. LAYAR.
15. Xeración de axuda para as aplicacións móbiles.
16. Realización de videos promocionais para canles de difusión web.
17. Incorporación dun módulo de análise de uso. Google Analytics.
18. Xeración dun módulo para compartir rutas e puntos de interese con amigos.
19. Integración con redes sociais.

Todo ilo de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2º.- Darse por enterada da non admisión neste procedemento da mercantil UBIWHERE por ter incluído nun único sobre tanto a documentación administrativa como a técnica-económica, incumprindo o disposto na cláusula 10 do PCAP e no artigo 145.1 e 2 do TRLCSP.

3º.- Darse por enterada da non admisión das mercantís NAVEGAMURCIA S.L., INFORMATICA EL CORTE INGLES e ADN CONTEXT, no procedemento de referencia por non acreditar a solvencia técnica esixida para a adxudicación deste contrato por non ter presentado certificados de boa execución dos traballos efectuados, tal e como se precisaba na cláusula 10.i. A do Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Darse por enterada da exclusión das seguintes empresas:

1. MOBILMARKETING por non ter presentado a documentación relativa á oferta técnica e económica en formato dixital, en aplicación do disposto na cláusula 10.B) do prego de cláusulas administrativas particulares.
2. PRIMATE MULTIMEDIA consonte ó disposto na cláusula 8.B por non acadar a puntuación mínima (15 puntos) no criterio establecido no apartado A).1 da mesma cláusula "Metodoloxía de traballo e adecuación da oferta as necesidades de actuación previstas no prego de prescricións técnicas.
3. GAMMA SOLUTIONS, S.L., ó apreciarse que a súa oferta contén valores desproporcionados ou anormais, conforme o disposto no artigo 152.4 TRLCSP."

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 10,05 horas. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
P.A.

Isaura Abelairas Rodríguez.